

A sorte de atopar un bo mestre

Constantino Trillo Varela
IES Salvador de Madariaga
A Coruña


Teño un compañeiro que leva moitos anos no ensino. Ás veces paso por diante da súa clase e miro de esguello. Vexo como os rapaces forman grupos de traballo, levantan a man, contestan e o asaltan a preguntas. Vense risas sinceras e caras alegres. Tamén el sorrí e nos seus ollos enxergo aínda a súa ilusión por ensinar. Que envexa! Ver rapaces e rapazas de terceiro de ESO rindo e traballando animadamente co seu profesor.

O meu compañeiro preocúpase por saber todo dos seus alumnos, quen son seus pais e o que fan. Cando lle preguntamos polo mal comportamento dun rapaz adoita pensar que talvez a infelicidade reine na súa casa ou que sufra a desgraza de ter moi pouco. Di que non está de acordo cos pesimistas, cos que ven a violencia nos centros como a

ameaza máis grave que ten o noso sistema escolar, e cos que pensan en medidas de choque para atallala. Tampouco cre que a única solución ante estes fenómenos sexa a “man dura”, os castigos que sirvan de exemplo, as expulsións e os cambios de centro.

Para el estes problemas non poden abordarse só pola vía represiva, porque a represión contribúe a aumentalos e a facelos máis graves. Di que o profesorado debe asumir a xestión da convivencia nas súas propias aulas, e que unha das tarefas docentes máis ineludibles é conseguir que os rapaces aprendan a relacionarse de xeito gratificante.

Tamén di que a historia non pode recuar e que, nin excluír nin formar guetos para os máis torpes, soluciona os problemas. Máis ben, entende que a sociedade nos pide un esforzo para que a



integración se afronte con xenerosidade. Cre no mestre, no profesor, e por iso considera que hai que apoiar e valorizar o seu traballo e axudarlles a que a súa tarefa non sexa imposible.

O meu compañeiro está convencido de que ensinar é, máis unha arte, que unha ciencia, porque non hai ciencia que capacite o home para realizar este traballo; mentres que a arte permite aplicar os grandes principios de infinitas maneiras. Para el o ensino precisa unha permanente creación, porque ensinar sen espírito creador conduce inexorablemente ao fracaso.

Cando vexo o meu compañeiro lémbrome do mestre da “lingua das bolboretas”, o pracer que sentía por ensinar e a emoción contaxiosa que enchoupaba as súas clases. Axudaba os seus alumnos a pensar, a formularse dúbidas, a entender que os outros, os

que non pensan coma un, tamén son imprescindibles na vida... E que sorte ter un profesor que aprenda a amar as palabras, os libros ou a natureza!

O meu compañeiro di que a universalización do ensino ata os dezaseis anos non é a culpable dos problemas da ESO. A pesada publicidade que se fai sobre iso, acaba por presentala como unha evidencia e lévaa de boca en boca ata que algúns a cren... Para el resulta máis difícil atender o 100% dos alumnos dun país, co 100% dos problemas sociais que levan consigo, que educar grupos homoxéneos e seleccionados ano tras ano. Por iso hoxe ata podemos atopar nas nosas aulas algúns agresivos e violentos. Convidanos a pensar que detrás dun agresor pode haber un mozo sen afecto, un rapaz con pais violentos aos que trata de arremedar, ou alguén que, sinxelamente, non

aprendeu normas de convivencia social e fixo da agresividade a mellor defensa contra a súa exclusión. O meu compañeiro ve unha certa contradición entre o recoñecemento da educación como un dereito, e a expulsión dos alumnos cando cometen unha infracción.

Tamén di que non é verdade que a “letra con sangue entra” e que non aprendemos para a escola, senón para a vida. Compara a situación actual de cambio no ensino coa revolución introducida por Copérnico ao trasladar o centro de gravidade da Terra ao Sol. Para el o mozo convértese nun Sol cara ao que han volver todos os apoios e esforzos para convertelo máis libre e feliz.

Por todo isto non nos debe estrañar que, cando os alumnos se cruzan con el pola rúa, os seus ollos se iluminen e cun sorriso de complicidade lle digan: Adeus profesor!